



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

10 de maio 2024

-Prácticas nas oficinas do Servizo Europeo de Acción Exterior - varias datas

Vietnam, Sri Lanka e Maldivas, Mongolia, Xenebra ou Marrocos son algunhas das novas prazas abertas para facer prácticas de economía, saúde, dereitos humanos ou comunicación.

-Prácticas na Axencia Europea do Medicamento - ata o 20 de maio

Formación remunerada de 10 meses (de outubro a xullo) na axencia, situada en Ámsterdam, para postos variados.

-Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento - ata o 10 de xuño

6 bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento. Os destinos das bolsas serán en Santiago de Compostela, na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou, fóra desta, nas oficinas da cooperación española (OCE) da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

-Premios Injuve de Xornalismo e Comunicación 2024 - ata o 6 de xuño

O Injuve convoca os premios de Xornalismo e Comunicación 2024 para recoñecer o esforzo e o compromiso de novos xornalistas ou comunicadores/as no ámbito do xornalismo social.

-Bolsas de Grao Jesús Serra 2024 - ata o 10 de xuño

A Fundación Occident (anteriormente Fundación Jesús Serra) lanza a súa convocatoria de 12 Bolsas Jesús Serra 2024: 6 bolsas para alumnos e alumnas que queren ser os

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

primeiros da súa familia en cursar estudos universitarios; e 6 bolsas para alumnas que queren ser as primeiras da súa familia en titularse en graos STEM.

-Bolsas no Consello de Seguridade Nacional - ata o 31 de maio

6 bolsas de 12 meses de duración para a formación especializada en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica no Consello de Seguridade Nuclear.

-European Job Days:

-Balance your Life on Sweden's West Coast - o 28 de maio

Feira online de emprego con ofertas nos sectores de enxeñaría tecnolóxica, saúde e ciencias da vida en Lund e Gotemburgo (Suecia).

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade

-Voluntariado en activismo cultural en Kalisz, Polonia - ata o 15 de maio

2 semanas de traballo para fortalecer o activismo cultural a través do teatro.

-Voluntariado con nenos/as en Timisoara, Romanía - sen data límite

52 semanas de traballo voluntario con nenos/as a través de educación non formal, actividades creativas, educación empresarial e mellora da linguaxe.

E lembra!

-Prácticas Schuman no Parlamento Europeo - ata o 31 de maio

O Parlamento Europeo abre a selección de graduados/as universitarios/as para o seu período de prácticas de outubro a febreiro en oficinas de Bruxelas, Luxemburgo e Estrasburgo ou oficinas nos Estados membro.

-Programa para xornalistas Youth4Regions - ata o 8 de xullo

Oportunidade de formación para mozos e mozas xornalistas sobre a Política de Cohesión europea, cunha semana de estancia en Bruxelas.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

-Bolsas para mulleres do Banco Central Europeo - ata o 17 de maio

Bolsas de 10.000 € cada unha para 15 mulleres que realicen estudos de posgrao nos campos de economía, estatística, enxeñería e informática.

-Convocatoria para realizar actividades paralelas durante o European Youth Event de 2025 - ata o 30 de maio

Aberta a convocatoria de proxectos para as actividades ao aire libre do vindeiro EYE, que está dirixida a organizacións xuvenís.



Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

